

ACTA DA XUNTANZA DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DO IES POETA DÍAZ CASTRO DE GUITIRIZ

LUGAR: Videoconferencia (Webex)

DATA: 27 de Abril de 2020.

HORA DE COMENZO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 11:30 h.

ASISTENTES:

Dna. María de los Ángeles López Porto, membro do Departamento.

Dna. Lorena del Palacio Rodríguez, Xefa do Departamento.

ASUNTOS TRATADOS E ACORDOS

Debido á suspensión temporal das clases presenciais debido ó estado de alarma sanitaria, vémonos na obriga de modificar os seguintes aspectos da programación para adaptalos ás últimas instrucións achegadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- ✓ Contidos: durante o terceiro trimestre repasaranse os contidos traballados nos trimestres anteriores ó mesmo tempo que se irá avanzando nos novos contidos dunha forma xeral. En segundo de bacharelato, completárase o temario do curso coa finalidade de que as alumnas matriculadas teñan unha formación completa de cara ás probas ABAU.
- ✓ Criterios de avaliación: a nota final calcularase facendo a media aritmética das notas obtidas polo alumno ou alumna nas avaliacións anteriores; a esta nota poderán sumárselle ata 2 puntos en función do traballo levado a cabo neste 3º trimestre.
- ✓ Criterios de cualificación do traballo do 3º trimestre: sempre tendo en conta as circunstancias particulares de cada alumno ou alumna.
 - Puntualidade nas entregas.
 - Corrección das actividades traballadas.
 - Participación nas videoconferencias, aulas virtuais, foros, etc.
- ✓ Recuperación de avaliacións suspensas: os alumnos e alumnas que neste momento teñen algunha das avaliacións suspensas, deberán realizar as actividades de recuperación previstas por cada unha das profesoras na súa materia. De non realizar estas tarefas, non poderán superar a materia.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

María de los Ángeles López Porto

Lorena del Palacio Rodríguez